



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DESTE CONCELLO DO DÍA
29 DE DECEMBRO DE 2009**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: EXTRAORDINARIA . **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleira
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

FALTAN

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR
Concelleiro do PP

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro non adscrito

SECRETARIO en funcións

D. LUIS M. LOZANO LORENZO

Na casa do concello, ás vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e nove de decembro de 2009, reúnense no Salón de Plenos, baixo a presidencia do alcalde don José A. Dono López, os membros da Corporación municipal para celebrar sesión plenaria de carácter extraordinario convocada na forma regulamentaria e da que se deu publicidade, xunto á orde do día, no taboleiro de anuncios e na páxina web deste concello.

O señor alcalde declara aberta a sesión, axustada á seguinte

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

ÚNICO	PROXECTO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2010 E CADRO DE PERSOAL
--------------	--

A) PARTE RESOLUTORIA.-

PROXECTO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2010 E CADRO DE PERSOAL.- O Concello Pleno, a proposta do grupo de goberno exposta pola concelleira delegada de Facenda e Contas, e sobre a que recaeu o ditame favorable da Comisión de Facenda e Contas do día 28 de decembro de 2009, acordou aprobar, cos votos da maioría dos seus membros, o orzamento municipal para o exercicio 2010 e o cadro de persoal, unha vez producido o debate que deseguido se transcribe:

Sra. Ruiz Ferro, do BNG: *Boa noite a todos e a todas. Hoxe tráense aquí para someter a aprobación os orzamentos para o ano 2010. Primeiro quero comentar que o traelos de forma un pouco precipitada é debido a que o Ministerio de Economía e Facenda modificou a estrutura dos orzamentos das entidades locais con novos criterios de clasificación que entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2010. Esta nova estrutura ten unha aplicación directa sobre as contas de todas as entidades locais, e por un problema técnico que nos indicou a casa que nos facilitou o programa é necesario ter aprobados os orzamentos antes de que remate o ano. Por iso pedín desculpas aos membros da oposición, ante esta premura de tempo, pero onde nós vemos nada máis que un problema técnico, eles ven desexos de ocultar, intentos de manobra,*

de non dar información, de pasar rodillo, de evitar unha nova comisión de Facenda onde poidan presentar emendas, de restar participación aos grupos da oposición, de silenciar, ignorar, etcétera. A crúa realidade, se crea ou non, é que ou se aproban agora ou sería necesario esperar a facelo despois de xuño. Así o comunicou a empresa coa que se contratou o programa informático, e esta é a razón de levalos de xeito precipitado e neste tempo.

Unha vez aclarada a situación na que nos atopamos, pasamos ao análise dos orzamentos, que con seus 11.756.400 euros supoñen unha baixa con respecto aos do ano pasado, en concreto unha baixa de algo máis de 400.000 mil euros. Temos os ingresos reducidos, sobre todo, no capítulo II - Impostos indirectos- e no capítulo IV - Transferencias correntes- e no capítulo VII - Transferencias de capital. Os impostos indirectos baixaron en relación co orzamentado o ano pasado á vista dos proxectos pendentes nas oficinas de urbanismo, é dicir, a previsión de obras para realizar o ano que vén. A baixada máis importante é quizais no capítulo IV, na participación nos ingresos do Estado, que baixou unha cantidade importante se ben permítenos incluír no orzamento o vinte por cento dos fondos FEESL e dedicalos a gastos correntes de servizos sociais e educación. O capítulo VII, ou de transferencias de capital, tamén baixou cento cincuenta mil e pico, pois hai subvencións do PPC que non se inclúen por non estar resolta a súa concesión. Polo que respecta a gastos, naturalmente teñen que baixar para cadrar o orzamento. Hai que dicir que o gasto do capítulo II ten unha baixada xeneralizada en todas as áreas. Fíxose un gran esforzo para cumprir os obxectivos marcados de cara a rebaixar os gastos correntes. Tamén baixa algo o capítulo IV -Transferencias correntes- e o capítulo que verdadeiramente sube é o de investimentos, a conta dos que imos dedicar ao PXOM.. Nós contamos con que o PXOM se aprobará o ano que vén, e entón o básico é dispor de fondos para poder actuar inmediatamente, nada máis aprobalo. As primeiras cantidades son 375.000 euros con destino a aparcadoiro na zona de Leicures e 125.000 euros para expropiación de terreos, os dese aparcadoiro e os dos novos viais. Ademais, hai que dicir que estes orzamentos incumpren a estabilidade orzamentaria, consistente na limitación do acceso a préstamos ata a cantidade que se amortiza. Neste caso temos un déficit de 498.116 euros, motivado precisamente polo préstamo previsto de 500.000 euros para poñer en marcha o PXOM.. A estabilidade orzamentaria é algo que verdadeiramente prexudica moito aos concellos de menor entidade, coma o noso, e sobre todo aos concellos que verdadeiramente están saneados, porque canto máis baixo é o endebedamento, menos posibilidades temos de incrementar os préstamos. Un efecto dese incumprimento é a obriga de confeccionar un estudo económico-financeiro para elevar ao Pleno, pero deberá agardarse a ter liquidado o orzamento, que é unha previsión e poden ocorrer cambios nesta situación. Tamén digo que o concello está saneado pois o nivel de endebedamento é baixo, dun 45,93 por cento, moi lonxe do 110 % que permite a Lei nese aspecto; outra cousa é a estabilidade orzamentaria. En canto aos fondos propios, que sinalan a capacidade de aforro do concello, este ano resultan 596.593 euros, que supoñen un 5,7 por cento dos ingresos correntes, e temos un aforro neto positivo de 1.557.117 euros. Nós consideramos que o gasto corrente diminuíu nun 9,25% sobre o do ano pasado, e ante a dificultade que hai cos ingresos en todos os concellos neste momento, paréceme que é algo digno de ter en conta o feito de que os investimentos aumenten e se atenda a tantos servizos como os que se están a dar, sobre todo os servizos sociais. Estes son uns orzamentos aínda máis austeros que os do ano pasado, como corresponde ao estado da economía, e a pesar da subida dos investimentos non se rebaixan as prestacións sociais. A conxelación de tributos levouse a cabo para non gravar máis aos veciños nun contexto de crise xeneralizada. E insistimos en que a situación está tan saneada que nos permite financiar con préstamo as primeiras actuacións que queremos realizar cando se aprobe o PXOM o ano que vén.

Sr. López Campos do PP: Queremos agradecer en primeiro lugar que a intervención da concelleira responsable de Facenda na defensa dos orzamentos sexa máis extensa da que tivo na comisión de onte, que a penas lle levou un minuto, e hoxe polo menos entrou en detalles. Onte, en vez de ser unha defensa dos orzamentos parecía unha pregaria á oposición e parécenos que iso indica claramente cal é o concepto que o goberno ten dos seus propios orzamentos, que este goberno non cre nos orzamentos que nos presenta hoxe a todos os estradenses e está a presentar á oposición. Unha ferramenta moi útil e moi conveniente e que creo daría sorpresas é o repaso das actas doutros plenos, especialmente agora, cando o bipartito ofrece unha situación practicamente perfecta da economía saneada do concello da

Estrada e hai tres ou catro anos dicían que o PP levaba a este concello á bancarrota, que o levabamos á ruína polo endebedamento ao que estaba sometido. Hai un dato que é moi importante destacar, e creo que os veciños deben saber cal é a realidade, unha realidade que non aparece explicitamente recollida nos orzamentos: é un dato da mentira ou mentiras coas que o bipartito chegou ao goberno; unha das súas grandes mentiras foi que no orzamento de 2007 o endebedamento era de 3.338.000 euros, ese era o endebedamento ao 31 de decembro de 2007, cuns orzamentos aprobados cos votos favorables do PP e criticados duramente polo PSOE e o BNG, naquel momento na oposición, e, despois de tres anos e medio de goberno bipartito na Estrada, os orzamentos do 2010, sitúan ese endebedamento en 5.358.000 euros. Esa é unha realidade que figura nos orzamentos e que significa que este goberno, para manter o seu indecente gasto corrente durante todos estes anos, necesitou dous millóns de euros máis; iso supón que o bipartito, para realizar a súa xestión, incrementou nun 60 por cento o endebedamento do concello da Estrada, e se antes, cun 60% menos de endebedamento o concello ía á bancarrota e estabamos nunha situación insostible, xa me dirá vostede, como concelleira, e o goberno en xeral, con cifras parecidas nas partidas xenéricas, cal é o cualificativo que lle poñen á súa xestión. Paréceme que ese é un feito constatado e sorpréndenme as declaracións da concelleira ao dicir que o concello da Estrada agora ten un endebedamento baixo e unha economía saneada, pero se hoxe en día estamos nesa situación ¿como estabamos hai catro anos, cando os que hoxe están no goberno e antes na oposición criticaban e poñían o grito no ceo polo endebedamento do concello? Esa é unha das grandes contradicións e das grandes mentiras coas que chegaron vostedes ao goberno municipal e que agora lles custa manter. Está claro que a realidade é moi teimuda e pon a cada un no seu sitio e estes datos son así, incontestables, e cada un terá que ser responsable do que fixo e do que fai. Tamén nos sorprende bastante que se intente culpar á oposición por criticar a tramitación destes orzamentos; paréceme máis que curioso e simpático. Dende logo, esa tramitación foi un auténtico desastre, e creo que non pode vostede escudarse na orde ministerial sobre o cambio da estrutura contable porque está claro que era coñecida por todos dende o 3 de decembro de 2008, non de 2009; é dicir, hai exactamente máis dun ano que se soubo que a nova estrutura contable entraba en vigor o día 4 de decembro do ano 2008 para aplicarse a partires do 1 de xaneiro de 2010, e supoñemos que o goberno, como responsable último, o debería coñecer. O que fixeron o día 23 de decembro foi mandarnos a documentación en vésperas do Nadal, aplicando directamente o rodillo e unha política de silencio á oposición para así traballar ao seu gusto, sen necesidade de escoitar as verdades que teñen que dicir os demais. Eso é unha responsabilidade única do goberno, e está ben que intenten trasladala á oposición, que fomos bastante comprensivos con esta chapuza orzamentaria, pero vostedes están no goberno, e polo tanto teñen esa responsabilidade.

En canto ao fondo do debate e á situación na que estamos, nós xa dixemos no debate do ano anterior que un orzamento é unha ferramenta básica que permite poñer en marcha e deseñar políticas activas nas que un goberno plasma a súa dinámica e xestión, unha folla de ruta que marcará o exercicio do ano 2010, que, como para todos é coñecido, será economicamente complicado, e aí coinciden todos os organismos competentes en materia económica. Polo tanto, entendemos que hai dous aspectos fundamentais, e así sempre o defendeu o actual goberno. Cando criticaban a tramitación ás veces excesivamente rápida, non lles valían para nada as desculpas e agora teñen desculpa absolutamente para todo. Parece que todos os males habidos e por haber, as cen pragas, cébanse con este goberno; non atendían practicamente a ningún tipo de desculpa, e agora botan man dun problema técnico que non o é, pero está claro que os orzamentos deben manter un fondo e unhas formas, e así sempre se fixo ata este ano, no que se rompen todos os récords de incompetencia e de incapacidade. Está claro que este foi un orzamento exprés, sen case ningunha posibilidade de participación dos grupos políticos que formamos a corporación municipal e dende logo indícanos o que podemos agardar duns orzamentos que se pretenden aprobar pola porta de atrás, e que entendemos tan improvisados na súa tramitación como mediocres no seu contido. Este último adxectivo é o máis suave para cualificalos, como resulta da análise que faremos non con demasiado detalle, senón xenericamente, pois poderíamos aburrir cos datos das partidas.

Este goberno preséntanos uns orzamentos froito da súa incapacidade e improvisación para un exercicio no que haberá, segundo os informes dos organismos competentes en materia de política económica, moitas dificultades e graves efectos para a vida laboral e das empresas. O concello da Estrada non se escapará deses problemas, e o orzamento debera ser capaz de corrixilos na medida do posible.

Eu entendo que este orzamento non parte dun escenario realista, e iso é unha eiva importante que lle impedirá ser unha ferramenta útil para afrontar os problemas serios aos que nos imos enfrontar. Eu creo que partimos dun escenario equivocado, e é lóxico que cunhas hipóteses incorrectas cheguemos a conclusións equivocadas, e así o reflicte este orzamento. Algo incontestable, e no que todos coincidiremos, é que o concello ten unha responsabilidade maior en toda esta situación, e tena por ser a administración máis próxima aos veciños; é a porta á que os veciños chaman sempre que teñen algún tipo de problema ou necesidade; polo tanto, ao concello tócalle resolver en primeira instancia os problemas diarios e cotiáns dos veciños, e de aí que deba programar políticas axeitadas para responder a esas demandas sociais que dende logo nos requiren todos os veciños e veciñas da Estrada. Pero ¿que nos atopamos? pois un escenario totalmente diferente, no que o goberno non ten estratexia política, nin proxecto político, nin iniciativa política. E isto é un claro exemplo do que está a pasar neste concello, da man dun goberno bipartito de intereses, como quedou demostrado no indecente proceso de tramitación deste orzamento, na súa mediocridade, na incapacidade do goberno para deseñar políticas dinamizadoras, e no continuísmo, esaxerado e terco dos orzamentos que presenta. Aínda que os momentos cambien e as cousas poidan ir a peor, este goberno segue igual; nunca deixan de sorprendernos e sempre nos convencen de que as cousas aínda se poden facer peor do que as fan, cousa que é extremadamente grave e preocupante para o noso futuro. Convén recalcar a precipitación coa que se presentan estes orzamentos, non xustificada pola aplicación da nova estrutura contable. O que está claro é a falta de previsión por parte do goberno, a súa negligencia suprema e a estratexia que están a levar durante toda a lexislatura de chegar tarde mal e arrastro a todos os sitios. É importante destacar tamén que o PP presentou o ano pasado unha emenda aos orzamentos coa finalidade de reducir o gasto corrente; era importante entón facer esa redución, pois todos coñeciamos a situación económica que se aveciñaba e os problemas que ían xurdir nas administracións locais, e falabamos da posible baixa da participación dos ingresos do Estado e da situación na que podían quedar os concellos a nivel xeral, pero o goberno municipal naquel momento nin sequera tratou de valorar aquela proposta e dedicouse a presentar uns orzamentos cuns gastos excesivos. Entendo que ese esforzo non é que se deba facer por xestión ou eficacia, senón por decencia política e porque hai moitos veciños e veciñas que o están pasando realmente mal, que están desempregados e que non teñen dereito á prestación de desemprego, e, dende logo, eu creo que o concello debe dar un exemplo nesas políticas e nesa xestión, pero non houbo vontade política por parte do bipartito, e enfrontámonos agora a un orzamento que se incrementou dende a súa chegada ao goberno nada menos que nun 20% en gastos de persoal, nun 60 % no endebedamento, e nun 18 % en gasto corrente.

Esa é a súa xestión: vostedes gastan un millón e medio de euros máis -250 millóns de pesetas máis- en vostedes mesmos, en vez de investilos nos veciños e veciñas, que son os máis necesitados porque están a sufrir máis que ninguén os efectos da crise. Tamén nós somos conscientes de que o incremento no gasto improductivo é un denominador común nos bipartitos, iso pasa en todas as administracións tanto locais como na Xunta de Galicia, onde se demostraron os efectos do reparto das cotas de poder e do funcionamento en paralelo das áreas respectivas, e polo tanto sabemos do custo económico que ten para todos os veciños un goberno bipartito. Pero tamén entendiamos que era necesario facer un esforzo pola austeridade e a eficacia na xestión, facer máis con menos, facer menos gasto improductivo e máis gasto produtivo, pero se no pasado ano foi imposible facer o que propoñía o PP, este ano o que vostedes intentan facer é claramente ineficaz e insuficiente.

Un dato importante que a concelleira, consciente ou inconscientemente, non tocou na comisión de onte foi o incremento do endebedamento máximo do concello nun 80 por cento, incumpríndose o marco da estabilidade orzamentaria definido en 2007, con graves consecuencias, como son a necesidade de elaborar un plan económico a tres anos, e que perdamos a independencia financeira ao quedar baixo a tutela financeira do órgano competente da Xunta de Galicia. Esas son as consecuencias dunha xestión bipartita e a herdanza para as futuras corporacións e os veciños do noso concello. Se o pasado ano fixeran caso das propostas do PP, non terían hoxe que hipotecar o futuro de todos os estradenses. Estou seguro de que aos veciños da Estrada lles resultará difícil de entender que todos nos teñamos que apertar o cinto mentres este goberno sigue gastando os cartos de todos de forma compulsiva. Levamos dous anos avisándolle ao capitán de que o barco vai contra as pedras e, a pesar das informacións que lle dá o PP, fai caso omiso. Isto seguirá sendo a súa responsabilidade.

O orzamento mantén unha liña de continuidade cos orzamentos anteriores. Cambia o escenario económico, cambian as circunstancias pero non cambia o orzamento nin cambia o bipartito; o 80 por cento do gasto lévao o gasto corrente e tan só o 12 por cento dos recursos é para investimento. Este debe de ser un dos poucos concellos que presenta os mesmos orzamentos en épocas de crecemento económico e nesta situación de crise xeneralizada. Falabamos antes de que partiamos dun escenario equivocado, e que, polo tanto, chegaríamos a unhas conclusións totalmente equivocadas. No que respecta aos ingresos, increméntase a previsión do IBI, de vehículos e do Imposto de Actividades Económicas; estará xustificado, pero dende logo non creo que esteamos no mellor momento para incrementar ese tipo de impostos directos, pero vostedes fan os seus cálculos e prevén un recorte do 48 por cento no Imposto de Construcións e Instalacións de Obras, baseado, como se di no informe da Alcaldía, nos proxectos pendentes de tramitación na oficina de urbanismo, pero nós dispoñemos desa documentación, que en absoluto coincide cos ingresos que poñen vostedes nos orzamentos; de todos os xeitos, é un dato máis que distorsiona a realidade final.

Tamén entendemos que se debería diminuír a presión fiscal sobre os veciños no relativo ás taxas municipais; nunha situación económica complicada cremos que se podería facer un xesto importante dirixido a reducir o gravame que teñen que soportar; pero si hai un aspecto digno de destacar, é o que o Estado ingresa ao concello na parte que lle corresponde dos tributos estatais, que pasa de 4.200.000 euros a 3.340.000 euros, o que significa unha redución de 860.000 euros neste exercicio, contía que deixa de ingresar o concello polas políticas basicamente socialistas de gasto e despilfarro que nós xa advertimos en varias ocasións cando dicíamos que o plan Zapatero traería cola, e esa cola está clara e está demostrada, e agora os concellos teremos que soportar no peor momento de crise xeneralizada unha redución moi importante de ingresos. Por un lado, o Estado, co famoso Plan E, dános unha cantidade para investir, pero por outro lado quítanos o 20 por cento dos ingresos que nos achegaba. Non queda claro, pero despois do que nos confirmaba onte a concelleira delegada, estímase que no ano 2011 teremos que devolver ao Estado parte das achegas do ano 2008 polos dereitos consolidados, e por isto teremos seguramente unha liquidación negativa para reintegrar a partires do ano 2011, o que aínda reducirá máis esa participación nos tributos do Estado. Nós entendemos que estas decisións son as típicas decisións dos gobernos de esquerdas; iso do “invito yo, que pagas tú” o que fai é que ao final o Goberno central quede moi ben presentando un plan marabilloso para ao final cárgalle o morto aos concellos, obrigados a pagar como auténticos ananos un custo elevado e intereses abusivos. É importante destacar a diferenza entre os plans económicos dos gobernos de esquerdas e dos de dereitas. Como se recolle no informe da Alcaldía, nesta situación de descenso recadatorio, a Xunta de Galicia, nun xesto sen precedentes, mantén a participación que lles dá aos concellos, os ingresos que lles transfire anualmente. Creo que é un claro exemplo de como xestionan uns e como xestionan outros.

Tamén hai que citar os gastos de persoal, que se incrementan en máis do 1 por cento, en contra do que aconsellan todos os axentes económicos, que é non incrementar o gasto corrente senón buscar políticas de austeridade. Un apartado que aumenta de forma extraordinaria, como é habitual, son as horas extras, con incumprimentos legais segundo o informe da Intervención Municipal, e, como a realidade sempre é teimuda, aquí descóbrese outro incumprimento do señor alcalde, cando prometía que o gasto de horas extras se ía acabar coa entrada do Partido Socialista no goberno, que ía aprobar unha RPT e que todo ía funcionar extraordinariamente no concello, e nunca se pagou tanta cantidade de horas extras como se están pagando actualmente no concello. Polo tanto, non é que se acabaran, senón que se incrementaron de forma considerable, chegándose a pagar no concello da Estrada por horas extras máis de 173.000 euros, case 30 millóns das antigas pesetas, ao ano, e iso demostra unha excelente xestión no ámbito do persoal do concello. Este é outro fracaso estrepitoso das promesas incumpridas do señor alcalde da Estrada, vulnerando, como o recolle o informe de Intervención, o límite temporal e a prohibición expresa tanto no papel normativo como no convenio colectivo. O que si se manteñen son os soldos e as dedicacións exclusivas do alcalde e das concelleiras; iso si que non se toca, iso hai que mantelo, incluso nestas épocas de austeridade e de crise, aínda que outras institucións acordasen reducir os soldos para os altos cargos. Creo que non se lle escapa a ninguén dos que estamos aquí que moitos organismos reduciron eses soldos no mesmo importe que se reducía o orzamento. Temos outra clara mostra da irresponsabilidade deste goberno cos veciños da Estrada.

No que respecta ao gasto corrente, a redución que se fixo é claramente insuficiente. O ano pasado o PP presentou unha emenda que recollía recortes no gasto corrente así como medidas de austeridade, de eficacia e eficiencia nos recursos públicos, e o ano pasado era imposible acceder ás peticións do PP, pero agora resulta que, de forma insuficiente, encontran a forma de facelo. Dende o PP cremos que as decisións, cando se toman, hai que tomalas ao seu debido tempo, con capacidade de anticipación e de previsión, non a remolque das circunstancias e cando non serven practicamente para nada, nin para facer un lavado de cara ou de conciencias políticas, que ao mellor é o que se pretende con este insuficiente xesto. Tamén detectamos certas inconcrecións na memoria da Alcaldía, e unha vez máis queda patente a falta de capacidade e de xestión deste goberno, e que este goberno é incompatible coa verdade. Existe un gasto desmesurado nas partidas de persoal, arredor dos 4.260.000 euros, máis do 36 por cento do orzamento; o peso relativo dos gastos correntes pasa dun 38,9 por cento a un 36,5 por cento, escasa redución tendo en conta a situación financeira que nos propoñen vostedes neste orzamento, que ,como falei antes, incumpren o criterio de estabilidade orzamentaria, aspecto moi importante. O peso do gasto corrente pasa do 80,8 por cento ao 79,2 por cento, esa é a gran redución que di o goberno do gasto corrente no orzamento do ano 2010, que ademais é claramente insuficiente, pois no exercicio 2009 o incremento nese orzamento foi do 6,5 % do gasto corrente; agora observamos unha redución de 1,6 puntos cando o ano pasado aumentaron 6,5 puntos o gasto corrente. Nós entendemos que non é xusto nin politicamente correcto seguir cun gasto desmesurado e derrochando fondos públicos; cremos que nos momentos actuais deben aplicarse políticas diametralmente opostas ás que se están a facer. Políticas de austeridade, de contención de gasto, de eficacia e eficiencia nos recursos públicos, algo que non se produciu no pasado orzamento e que non se produce no actual. No informe que asina o señor Dono como alcalde da Estrada, afirmase que se mantén o equilibrio orzamentario, cousa que, á vista do informe de Intervención, non deixa de sorprendernos, como sempre, negativamente. Consideramos que está tan acostumado a faltar á verdade que agora o fai non só de forma oral, senón tamén escrita e, polo tanto, con maior gravidade. Se está algo claro nestes orzamentos e se algo está no informe de Intervención, é que se incumpre claramente o principio de estabilidade orzamentaria; isto non o inventa o PP, senón que queda reflectido no informe de Intervención. Non é certo tampouco que se reforcen as políticas culturais, deportivas e sociais, o que si é certo é que o gran prexudicado deste orzamento é o gasto social. Gastan vostedes máis en si mesmos e menos nos veciños e veciñas da Estrada; feito incomprendible tendo en conta a debilidade e necesidade de certos colectivos desfavorecidos da nosa sociedade. Reducen partidas de conciliación da vida laboral e escolar, nun 30%; atencións benéficas, nun 97%; prevención de drogas, nun 4% ; acollida de inmigrantes, nun 40% ; inserción socio – laboral, nun 97% , e desaparecen as partidas de asistencia psico-social a familias e actividades informativas e talleres de educación familiar, entre outras que se reducen considerablemente ou desaparecen no capítulo II. No que respecta ao capítulo IV, reducen as partidas de asistencia social: a atención benéfica, nun 45%;, o transporte escolar, nun 35%, etcétera. Tampouco é verdade que reforcen o apoio ás actividades empresariais, aos sectores produtivos, pois rebaixan un 8 por cento as subvencións a este tipo de asociacións. Dende logo, entendemos que a gran achega destes orzamentos do 2010, é un paso atrás nas políticas sociais; difícil papeleta a que se lle presenta a un goberno cualificado de esquerdas e que fai un claro recorte ás políticas sociais no noso concello. En canto ao balance que se pode facer destes orzamentos e do papel do alcalde da Estrada como máximo responsable da súa presentación e da xestión política, nós entendemos que estamos xa ante un claro exemplo de falta de credibilidade política; o alcalde falta constantemente á verdade tanto no seu informe do orzamento, como cando prometeu ter aprobado un Plan Xeral en seis meses, como cando prometeu ter un goberno amigo na Xunta que axilizaría todos os proxectos importantes para A Estrada, cando afirmou que melloraría a xestión do persoal e remataría co pagamento das horas extras no concello, cando garantiu que establecería procesos de contratación de persoal transparentes, cando afirmou que sería un goberno socialista quen faría a Cidade do Moble e a autovía de Santiago á Estrada, cando nos garantiu que antes de finalizar o ano 2009 -e quedan exactamente 48 horas- estarían as máquinas traballando na variante da Estrada. Cremos conveniente tamén ofrecer o dato que demos ao principio, e creo que é relevante para que cada un asuma as súas responsabilidades: cando o PSOE e o BNG estaban na oposición, o endebedamento do concello da Estrada ascendía a 3.338.000 euros, e o que nos presentan no orzamento de 2010 é un endebedamento de 5.358.000 euros, dous millóns de euros máis; un 60 por cento máis de endebedamento, de préstamo, do concello da

Estrada en dous anos de xestión. Eu creo que os señores do PSOE e do BNG deberían reflexionar e facerse cargo de que agora si que todo apunta a que levan o barco contra as pedras; todo apunta a que vostedes están sumidos nunha política de gasto compulsivo e que son vostedes un perigo público para a saúde financeira deste concello. Triste e envelenada herdanza lle deixan vostedes a xeracións presentes e futuras do noso concello, e iso tamén será a súa responsabilidade. Polo tanto, e tal e como anticipamos onte na comisión de Facenda, o voto do PP será en contra deste orzamento. Moitas grazas.

Sra. Ruíz Ferro do BNG: *Imos ver, señor López, vostede é de letras, porque aquí non hai máis que literatura. Non sei de onde saca vostede os seus datos; nós collemos o estado da débeda de 2010, e sabemos que se se fai efectivo o préstamo de 1.115.000 euros, a débeda ascenderá o día 31 de decembro a 4.742.000 euros. Tamén temos que dicir que o nivel do endebedamento non ten que ver co importe da débeda soamente, porque está en relación cos ingresos correntes. Así, temos que en 2006 o nivel de endebedamento había un nivel do 50,58%; no ano 2007, do 55,18% , no ano 2008 baixouse ao 44,73% , neste ano estamos no 45,93% , e no ano 2009 foi do 36,38%. O nivel de endebedamento non só é o endebedamento, isto é o único que quería aclarar porque o demais xa o deixamos así.*

Sr. Alcalde: *Señor López, como ten a segunda quenda, xa a utilizará para a réplica. Ten a palabra o señor Torres.*

O señor Torres (non adscrito) renuncia á súa quenda para intervir.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG - PSOE: *Aquí tivemos unha sarta de adxectivos que enriquecen o léxico de calquera, todos eles cargados co prefixo in; a palabra indecente contabiliceina ata dez veces e non puiden contar máis; son de base dez e non dei pasado de aí, e, dende logo, señor López, o señor Murphi quedábase corto ao seu lado: dende indecente, improvisación, ineficacia, insuficiente, insolidarios, e non sei cantas cousas máis; esqueceulle o cualificativo do seu discurso: “infumable”, e, se usamos ese mesmo prefixo, teríamos que dicir “impalagoso”, para non dicir nada ademais. Evidentemente, unha cousa é o papel do goberno e outra é a oposición; nós somos goberno e vostede é oposición, e todos sabemos o papel que lle corresponde a cada un; vostede fixo aquí un discurso abondoso en palabras, cargado de epítetos, e sobre todo de riqueza adxetival. Hai que darlle as grazas pola formación lingüística e a riqueza léxica que nos achega vostede, pero o que está claro é o que lle dixen do seu discurso: “impalagoso” e infumable, e ,sobre todo, baleiro de contido. O que si lle agradecemos é que non dese o monólogo repetitivo de cifras que todos temos aquí diante e que todo mundo pode ver. Os orzamentos, evidentemente, son unha previsión de ingresos e gastos, e vostede mestura churras con merinas, mestura equilibrio con estabilidade, e non son os mesmos conceptos, son distintos, polo tanto, non mesture unhas cousas con outras, e non diga que non se parte dun escenario real. O grupo de goberno é o que ten a responsabilidade de aprobar este orzamento e de executalo, e con el ten que cumprir uns obxectivos e uns compromisos que ten cos cidadáns, e se os cidadáns non confíansen neste goberno, non lle houbesen dado as eleccións no 2007 por ganadas; vostedes, se as perderon, perdéronas por algo, e viñan dunha maioría absoluta reiterativa, polo que o tiñan que estar facendo moi mal; polo tanto, credibilidade ante os cidadáns, este goberno ten credibilidade. Este ano 2010 é un ano difícil, e todo mundo o sabía, e o 2011 previsiblemente tamén o sexa, e este goberno fixo uns orzamentos nos que non quero entrar, nin nas bondades nin nas maldades, pero é claro que ao goberno gustaríalle facer outros orzamentos, moito máis abondosos en investimentos, en gasto social e en políticas activas, e vostede vennos dende cos céntimos do peto das ánimas ata a macroeconomía do Fondo Monetario Internacional; pero ben, en calquera caso, eu non son de económicas e por iso non podo valorar eses termos, pero o que si é certo é que este goberno fixo uns orzamentos axustados á realidade deste concello. Evidentemente, en momentos de bonanza, a realidade sería outra, pero agora mesmo a realidade son as fabas que hai, tanto hai de ingresos e tanto o que podemos gastar, e non hai outra paz; e que non estamos en anos de bonanza sábeo vostede perfectamente. Esta palabra das fabas e da fariña eran palabras que eu oía dende aquel lado. Pero mire, no respecto ao gasto corrente e o do que vostede cualificaba como indecente gasto corrente, o que está facendo este goberno, é optimizar os recursos que ten, breves, e dar resposta aos cidadáns, e estes están satisfeitos do traballo do goberno, e , se non, faga vostede sondeos por aí e deixe de mirarse ao espello e ao embigo en plan ególatra e verá o que lles din*

os cidadáns. Este orzamento non é o desexable, gustaríame outro, pero está axustado á realidade e cumpre cos obxectivos básicos que todo cidadán agarda que faga o grupo de goberno, que é manter e mellorar os servizos existentes, e nisto non hai ningunha queixa; os cidadáns que veñen aquí son atendidos, recibidos, e dáselles solución pronta ao seus problemas. O máis significativo nestes orzamentos é manter o gasto subvencionado e, dende logo, conter a presión fiscal. Non vou entrar a debullar os capítulos, pois xa o fixo vostede extraordinariamente e xa lle contestou tamén a compañeira, pero nos impostos, onde vostede di non crer na subida do IBI e do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica, o incremento é do 38 por cento sen máis que axustar os padróns municipais e facer eficiente a recadación; nos impostos indirectos, ten vostede que recoñecer que hai unha baixa significativa, como en xeral nos ingresos correntes, e entre iso, as entregas de fondos do Estado e a baixada de taxas, son 702.000 euros; con esas fabas, evidentemente hai que elaborar o cocido. No capítulo de investimentos, o esforzo non é o que quixésemos ter feito, pero hai un incremento substantivo respecto ao ano pasado, un 13 e pico por cento. E no capítulo I de gastos, sobre o que vostede di que o 1,04% de incremento dos gastos de persoal é desproporcionado, aí só se reflicte o 0,3% de incremento que lle corresponde por lei aos funcionarios e ao persoal laboral fixo, igual que ao temporal, máis o 0,3% para os que se poidan contratar por acumulación de tarefas, e os 126.000 euros da RPT; ese é o incremento que teñen e mire vostede no informe de Intervención se se axusta ou non se axusta ao marco legal. En canto aos bens correntes e servizos, no capítulo II hai unha baixada de 437.597 euros; é a primeira vez que se baixa neste capítulo, señor López, tanto en cifras absolutas como relativas, e que non se manteñan as transferencias correntes e de atencións sociais, como di vostede, eu non o vexo. Esa é, como lle dicía, a fariña para facer esta bica; este goberno vai dar solución satisfactoria aos cidadáns, e os cidadáns vanlle dicir a vostede que pode seguir predicando horas e horas, utilizar toda a adxectivación negativa que atope no dicionario da Real Academia, que dende logo os cidadáns están satisfeitos con este goberno. En resumo, estes son os mellores orzamentos que se podían facer neste exercicio, os máis realistas, dirixidos a dar servizos de calidade, a reducir o gasto corrente - como non podía ser menos nun momento de crise xeneralizada- e, dende logo, a conter a presión fiscal para paliar os efectos no peto dos cidadáns neste momento tan negativo economicamente. Reitírolle unha vez máis que non mesture churras con merinas, pois equilibrio non é o mesmo que estabilidade, e creo que a compañeira xa lle dou suficiente conta sobre a causa desta inestabilidade orzamentaria, que non ten por qué seguir sendo así na execución ou na liquidación final do orzamento. Nada máis, moitas grazas.

Sra. López Doce, do BNG: Como creo que ten dito nalgunha ocasión o voceiro do PSOE, señor Otero Espiño, os números aguantan case calquera cousa, e en verdade é unha afirmación bastante certa despois de escoitar novamente a intervención do voceiro do PP. Unha intervención longa, o que a min non me parece mal, se tivese unha mínima coherencia e achegase algo ao que se debate hoxe aquí, o orzamento municipal. A verdade é que retorceu as cifras de tal xeito que ao final xa ninguén, nin el mesmo, sabía realmente do que falaba. Vou facer unha intervención breve porque hai cuestións que creo está ben incidir nelas. Os orzamentos para o exercicio 2010 preséntanse en prazo por primeira vez en moitos anos. Efectivamente, o voceiro do PP, no seu labor de oposición, non vai felicitar ao goberno, e sen embargo non lle ían caer os aneis por iso cando as cousas se fan ben, aínda que fose, como recoñeceu a concelleira de Facenda, cunha precipitación que a nós tampouco satisfai, e isto non volverá a suceder, pero aquí estamos, no mes de decembro de 2009, aprobando o orzamento para o ano 2010. No equipo de goberno puxemos nunha balanza o que era o máis urxente, e consideramos que era máis útil para os veciños e veciñas da Estrada ter aprobados os orzamentos dentro do prazo para poder exercer todas as competencias municipais dende o 1 de xaneiro do 2010, sabendo ademais, como vostede se encargou de citar, que é un ano de crise, e que se necesita unha resposta - polo menos, naquelas cuestións que son de competencia municipal- áxil e eficiente. Ao respecto, vostede recorda a emenda do PP do ano pasado que considera de contido imposible, e a verdade é que era totalmente incoherente, como lle demostrou a concelleira de Facenda no debate do orzamento de 2009; pode vostede consultar as actas para comprobalo.

Debería ter en conta a súa condición, que ás veces nos recorda, de membro do Parlamento Galego - e, ademais, do mesmo partido que neste momento ostenta o goberno autonómico- e non enganar aos cidadáns estradenses, que son todos bastante grandiños e espabilados e saben que a maioría das competencias que vostede trata de cargar ao goberno municipal, ao concello

como administración máis próxima ao cidadán, son competencias daquel goberno, como sabemos todos, o goberno do PP. Vostede cualifica ao PSOE e ao BNG de esquerdas, e eu estou de acordo con esa definición, pero, evidentemente o seu partido é un partido de dereitas, e sabemos todos cales son as políticas económicas que fan os partidos de dereitas, como ben o vemos no exercicio que está facendo o PP dende o goberno autonómico das competencias en materia de promoción económica e de promoción do emprego, e aí é onde está fallando, así que, señor López Campos, non veña vostede a dicirlle aos cidadáns que as competencias por desemprego son cousa do concello, pois non o son. As competencias do concello están mellor atendidas que cando gobernaba o seu partido; de feito, hai datos como o que lle puxo en evidencia a concelleira de Facenda; vostede di que o importe da débeda do concello da Estrada pasou de tres a cinco millóns e ela demostralle que o endebedamento baixou dez puntos: dun 55 por cento a un 45 por cento (este ano sobe ao 36% , polo PXOM). Esta é outra das cousas que cómpre salientar: prevemos aprobar o PXOM e contamos con empezar a executar os investimentos que leva consigo. Esas son as cuestións de maior importancia para os veciños e veciñas, xunto cos outros aspectos que comentou o señor Otero Espiño, como a conxelación das taxas e dos impostos municipais, que non se incrementan para os veciños da Estrada; a mellora na xestión económica do concello cun servizo de recadación xa municipalizado, a previsión da mellora nos ingresos para o exercicio económico que vén, e, ademais, a baixada do gasto corrente e a suba dos investimentos nun ano nada bo, pois os ingresos que pode xestionar a administración municipal son escasos, algo que vostede, torcendo as cifras todo o canto tivo a ben, nin sequera o puido desdebuxar. Eu creo que son uns orzamentos bos, en canto á súa estrutura; non os que quixeramos todos os membros do goberno, quen tiñamos proxectos para acometer en 2010 e aos que renunciámos por falta de ingresos para poder afrontalos, é dicir, a ese nivel non son bos, pero son os posibles e os mellores para o concello da Estrada no momento no que estamos. Agora vai vostede intervir, e o único que lle solicitaría é que non reitere demasiado as cousas; non por dicilas moitas veces non se van converter en realidade; se non son certas, e non son certas, señor López, convénzase.

Sr. López Campos, do PP: Moi ben, hoxe sacaron toda a artillería, parece ser que teñen que defender algo que é bastante difícil de defender; está ben que a concelleira delegada ceda a súa quenda de réplica á voceira, porque supoño que non confiará excesivamente en si mesma á hora de intervir no Pleno e defender os seus orzamentos, pero non se poña nerviosa, estamos nun ambiente cordial; eu, no meu turno, direi o que teño pensado, cun criterio bastante distinto do que ten o BNG, e estou convencido de que nos iría mellor, aínda que, coa vaidade que está demostrando este goberno, creo que nos irá aínda mellor; estou convencido de que canto máis vaidosos sexan, mellor iranos ao PP, por iso aconséllolles que sigan nesa dinámica, porque o pobo da Estrada está encantado coa súa xestión. Vostedes son marabillosos, estupendos, uns grandes xestores, e presentan uns orzamentos fantásticos. Iso si, hai un pequeno problema, levan este último ano un incremento de máis dun 40 por cento de desempregados na Estrada, pasamos de 1.230 desempregados a 1.674, pero vostedes seguen sendo marabillosos, estupendos, fan unha xestión extraordinaria. E mellor para nós que sigan vivindo nese mundo ideal. Témoslles que dar a razón aos veciños que pensan que cando algún político se senta nun sillón e ten o bastón de mando perde a noción da situación real do concello, e paréceme que están vostedes a sufrir do mal de altura. Tamén quero recordarlles que hai tres anos, cando o PP gobernaba na Estrada, todo eran parabéns cara a xestión do PP, polo tanto, sigan vostedes nese camiño, que terán exactamente o mesmo pau que tivemos os demais; para nós é unha grata noticia que sigan así. Parece lóxico que queiran defender o seu orzamento, pero creo que quedou meridianamente claro que non viñeron a iso, senón a criticar ao voceiro do PP, que é o que lles gusta, é a súa motivación. Non fixeron nin unha soa defensa, nin referiron unha soa política, unha soa estratexia que poñer en marcha co seu orzamento; viñeron aquí co que lles gusta, co que os motiva, e, realmente, vexo que cada día están máis motivados en atacar ao voceiro do PP, e cando toman esa actitude é porque algo temen, e alégrome de que sigan vostedes nesa actitude, pero isto demostra que teñen pouco que ofrecer e pouco que dicir. Señor Espiño: debeulle de prestarlle vostede moito tempo a analizar os orzamentos municipais da Estrada, e isto recórdame un pouco aquel debate que tivemos na televisión no que non sabía vostede nin como era a cor das tapas do PXOM, e aquí vaille pasar o mesmo, vostede non sabe nin de que cor son as tapas do orzamento municipal 2010, veu aquí facer a súa literatura, facer o seu ataque frontal ás persoas, facer unha verborrea barata e unha demagogia que eu cualificaría de impresentable, esa é a cualificación que poñería eu ao papelón que vostede

acaba de desempeñar. Se non oíu ningunha opinión sobre os orzamentos, pídalles aos Reis Magos que andan por aí un “sonotone”, pois vostede está duro de oído. No que eu me centrei foi nunha análise o menos empalagosa posible de cifras, pero intentando tocar practicamente os aspectos fundamentais do orzamento. Claro, vostedes non queren falar de que incumpren o criterio de estabilidade orzamentaria, non queren falar tampouco de que incrementaron pola súa xestión o endebedamento do concello en máis do 60 por cento, non queren falar de que nos orzamentos de 2009 e 2008 ata a actualidade, e dende que vostedes gobernan, incrementaron o gasto de persoal nun 20 por cento, non lles interesa. Tampouco queren oír falar de que incrementaron o gasto corrente nun 18 por cento, pero entón ¿de que vimos falar aquí? ¿do orzamento ou dos paxariños preñados, ou a ter un debate dialéctico co señor Espiño e botar media hora sen falar de nada? Non, vimos falar de orzamentos, do que vostedes están facendo, da súa xestión municipal e de que vostedes están deteriorando as arcas públicas do concello da Estrada, pois está claro que hai unha mala xestión dos fondos públicos; vostedes teñen un endebedamento dun 60 por cento, non acometeron ningún investimento, non hai máis que ver, e eu téño aquí, o estadiño de investimento deste orzamento, onde o 100 por cento vai a préstamo. Vostedes están contando unha película, e cando eu estaba dese lado e vostede, señor Espiño, estaba do outro, tamén contaba a súa película como lle conviña. O que está claro é que o grupo municipal do PP fixo un traballo extraordinario nestes orzamentos, creo que a responsabilidade que asumiu para traballar neles foi encomiable, e que ademais a información que se sacou foi moi positiva, e parécenos tamén que, despois da análise, este orzamento é extremadamente mellorable. Hai unha frase que aclara o concepto que vostedes teñen dos fondos públicos, e é curiosa, pois vén da parte nacionalista do goberno, pero puido vir do grupo socialista. Díxoa a concelleira delegada de Facenda: “hai que baixar o gasto para poder baixar os orzamentos” e iso resume o seu modo de xestión en materia orzamentaria neste concello. Pois non, hai que baixar o gasto porque hai que ser eficaces e eficientes, hai que saber onde se inviste ata o último euro da Administración Local porque estamos xogando co diñeiro dos veciños, non co diñeiro noso. Baixar os gastos porque non cadra o orzamento é o seu concepto do gasto público; gastar sen saber onde, facer gasto improdutivo, iso non o estou inventando eu, acábo de dicir a concelleira delegada, e ese é o resumo da xestión do bipartito. O que pasa é que vostedes non son conscientes da gravidade do asunto. Sigán coa súa vaidade, encantados de terse coñecido, mentres os demais seguimos pagando as consecuencias. A realidade que nos toca sufrir é un orzamento que non vai ter capacidade. Ademais, non é certo o que dixo a voceira do BNG de que eu lle estea pasando ao concello responsabilidades que non ten, iso nunca o dixer, e penso que sempre fun bastante consecuente coas miñas palabras. Sempre falei de que o concello tiña que poñer en marcha políticas dentro das súas competencias e das súas limitacións. Aí está claro que vostede tiña que agarrarse a algo para criticar ao goberno do PP na Xunta de Galicia e entrar aí me parece lóxico, pero dende logo das miñas palabras non pode desprenderse iso. Vostedes, o ano pasado, a proposta da oposición, incorporaron un plan de emprego anticrise; ben, pois este ano temos máis parados que no anterior e non hai ningún plan de emprego anticrise no orzamento; iso é o que lle preocupa a vostede na Estrada: o desemprego. O ano pasado, non había un plan de emprego e creouse no trámite de debate orzamentario. Este ano non houbo trámite de debate orzamentario, e a vostede lle importa bastante pouco, pero hai 1.674 parados na Estrada a data de novembro, e ese é o compromiso que teñen cos veciños da Estrada, pero vostedes pasan por riba diso e non teñen ningún reparo en presentar uns orzamentos sen a máis mínima referencia á situación actual neste concello. Esa é a realidade, e o demais se pode adornar con palabrería. Está claro que cada vez están máis cómodos no seu posto, máis alonxados da realidade. Non tocan o incremento de gasto corrente e de persoal, non tocan o incremento da débeda, que elevan de forma estrepitosa; non falan do incremento das horas extras. Señor Espiño: eu non dixer que se incrementase máis do 0,3% o gasto de persoal, non falei á verdade no tema de gasto de persoal. Eu dixer que había un incremento do 1% por riba do 0,3% , e é certo. Vostedes seguen coa política de contratación transparente (entre comiñas), como dixeron no seu momento, e xa quedou acreditado que isto non é así, pero non faláron dos case 30 millóns de pesetas que están pagando en horas extras; eu quérolles recordar que nesta última Xunta de Goberno Local aprobaron máis de catro millóns de pesetas en horas extras, e iso que era un dos seus compromisos importantes, isto é un claro exemplo para saber se un concello se xestiona de forma correcta ou non, e, neste caso, creo que queda patente que non. É unha mágoa que non puidésemos traballar conxuntamente na elaboración deste orzamento. Aínda que vostedes lle dean pouco valor ao traballo que puidese facer o PP, creo que sería

conveniente escoitar a todos para mellorar na medida das posibilidades o orzamento de cara ao ano 2010, pero coa actitude que teñen - se ocorrese noutros tempos estarían poñendo o grito no ceo- crense con dereito de pernada, que poden facer o que lles apeteza, e eu quérolles recordar, e con isto xa remato, que as administracións non están ao servizo dos políticos, son os políticos quen están aos servizo dos cidadáns, e vostedes estanse equivocando e pensan que a Administración está ao servizo de vostedes, para intentar manter o seu posto, a súa dedicación exclusiva e o seu soldo, e todo iso acábase. Tal e como dixen ao principio da miña intervención, isto é a súa responsabilidade, de principio a fin, e terán que responder das súas xestións e da súa incapacidade diante dos veciños. Polo tanto, analizados os orzamentos con detalle, queda xustificado, como xa dixen, que o noso voto se manterá como na comisión informativa; nós non podemos apoiar o orzamento dun goberno que non sabe a onde vai nin a onde quere ir. Moitas grazas.

Sr. Espiño, do PSOE: Se Cicerón nacesse dous mil anos despois, houbese cambiado nas Catilnarias o de “Quesque tandem abutere patientia nostra” e modificaría totalmente os seus discursos no Senado de Roma. Segue vostede confundindo as churras coas merinas. O goberno non ten que defender os orzamentos, presenta e explica o orzamento para a súa aprobación, pero explica para quen entende e atende, e para entender hai que atender. Agradezo que me chame literato; aquí non vimos, como di vostede, a falar de paxariños preñados, nin sequera a muxir as galiñas, senón a presentar uns orzamentos que hai que aprobar, e a oposición ten o seu papel de criticalos, apoialos, ou facer as consideracións que considere oportunas, e iso foi sempre así. Vostede empezou polas formas, no fondo segue a mesma situación. Eu admiro esa paixón nos escasos argumentos críticos que cita, cunhas expresións exacerbadas e hiperbólicas nun cadro de catástrofes traídas polos catro xinetes da Apocalipse con espada flamíxera que veñen a derruír a este pobo dende a chegada do bipartito. Entendémolo perfectamente porque se fai en defensa estrita dos lexítimos intereses dos estradenses, e os políticos están ao servizo dos cidadáns, pero tamén gustaríanos que ese énfase e paixón se trasladase a outros ámbitos, á Deputación, á Xunta de Galicia; queremos que A Estrada non sexa desprezada nos orzamentos da Xunta, que alcancemos polo menos un empate económico co concello de Lalín, que se defendan as emendas dos partidos que son goberno na Estrada e oposición na Xunta de Galicia sobre os grandes proxectos pendentes da Estrada, e non se teña a desfachatez de votar en contra deles. Iso é o que pretendemos, pois, como dicíamos, estamos ao servizo dos cidadáns estradenses e entendemos que o papel de vostedes de submisión, cun discurso nun lado e outro no outro, é moi difícil de explicar aos cidadáns da Estrada. Non se pode estar no campanario e ir á vez na procesión. Nada máis.

Sr. Alcalde: Ben, pois se non hai máis intervencións, pasamos a votar o Orzamento para o ano 2010.

Sometida a votación a proposta do grupo de goberno de orzamento municipal e cadro de persoal, 2010, prodúcense doce votos a favor (PSdG-PSOE e BNG) e sete en contra (PP e o concelleiro non adscrito Sr Torres Álvarez), polo que adopta por maioría o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Apróbase o orzamento municipal para o exercicio 2010, segundo os estados de gastos e ingresos e documentación anexa, por un total de 11.756.400,00 euros, co resumo por capítulos que deseguido se indica:

ESTADO INGRESOS			ESTADO GASTOS	
	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €	DENOMINACIÓN	IMPORTE / €
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.496.700,00	GASTOS PERSOAL	4.260.031,98
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	300.000,00	COMPRA BENS CORRENTES E SERVIZOS	4.294.616,05
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.066.768,00	GASTOS FINANCEIROS	132.388,96
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	5.586.736,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES	631.479,00

CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	81.100,00		
TOTAL I. CORRENTES		10.531.304,00	TOTAL G. CORRENTES	9.318.515,99
CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	1.018,00	INVERSIÓN REAIS	1.441.052,00
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	94.078,00	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	365.636,00
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCIEROS	15.000,00	ACTIVOS FINANCIEROS	15.000,00
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCIEROS	1.115.000,00	PASIVOS FINANCIEROS	616.196,01
TOTAL I. CAPITAL		1.225.096,00	TOTAL G. CAPITAL	2.437.884,01
TOTAL INGRESOS		11.756.400,00	TOTAL GASTOS	11.756.400,00

SEGUNDO: Ratifícanse para o exercicio 2010 as equivalencias entre o persoal laboral fixo e o persoal funcionario co obxecto de facer efectivo o sinalado no artigo 22.CATRO do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o 2010.

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Técnico de xestión	Nivel 26
Tradutor de galego	Nivel 26
Director da Banda de Música	Nivel 24.
Profesores da Escola de Música	Nivel 24; 50% por xornada reducida
Asistentes sociais	Nivel 24
Auxiliar administrativo	Nivel 16
Conserxes	Nivel 14
Limpiadoras	Nivel 14
Director gardería infantil	Nivel 20
Monitor de tempo libre	Nivel 20
Socorrista piscina	Nivel 20
Vendedora entradas piscina	Nivel 14
Limpiador vestiarios	Nivel 14

Persoal confianza e asesoramento especial:

DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO
Equiparado a administrativo	Nivel 20
Equiparado a auxiliar administrativo	Nivel 16

TERCEIRO: De conformidade co disposto no artigo 126.1 do R. Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, apróbase o cadro de persoal que se transcribe deseguido correspondente ao exercicio do ano 2010:

PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL FIXO 2010

DENOMINACIÓN DE PRAZAS	GRUPO	NIVEL	ESCALA	SUBESCALA	CLASE	CATEGORÍA	NOME E APELIDOS
------------------------	-------	-------	--------	-----------	-------	-----------	-----------------

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

SECRETARÍA

Secretario	A1	30	H.C.NAC.	Secretario	1ª	Superior	José Naveira González
Técnico	A1	26	Adm.Xer.	Técnica			Rogelio A. Carrera Ares
Administra.	C1	20	Adm.Xer.	Administra.			Mª Herm. Porto Valcarcel
Administra.	C1	20	Adm.Xer.	Administra.			Mª Josefa Mtnéz. Barros
Administra.	C1	20	Adm.Xer.	Administra.			Enrique Prieto Porto
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar			Gisela Rey Baltar
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar			Monts. Carracedo Goldar
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar			Manuel Barreiro Barreiro

OUTROS SERVIZOS

				DESTINO		
Administra.	C1	20	Adm.Xer.	Administra.	Arquivo	Mª Jesúsa Fdez. Bascuas
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar	Serv.Sociais	Ana López Neira
Conserxe	AP	14	Adm.Xer.	Subalerno	Oficinas	J. Luis Cerviño López
Conserxe	AP	14	Adm.Xer.	Subalerno	Oficinas	José M. Pereiras Clement
Conserxe	C1**	16*	Adm.Xer.	Subalerno	Colexio FOXO	Manuel Ferreiro Cabaleir
Conserxe	AP	14	Adm.Xer.	Subalerno	"	JOSE A. Jesús Pena Lorenzo
Conserxe	C1**	16*	Adm.Xer.	Subalerno	"	FIGUEROA Francisco Barcala Calvo
Conserxe	C1**	16*	Adm.Xer.	Subalerno	"	P.VIONDI José Bal Míguez

(*) O C.D da praza é o 14; o 16 é a título persoal.

(**) O nivel é a título persoal

ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA

INTERVENCIÓN

Interventor	A1	30	H.C.NAC.	Intervenc.	1ª Superior	Celsa Pérez Gil
Técnico	A1	26	Adm.Xer.	Técnica		Luis M. Lozano Lorenzo
Administrat.	C1	20	Adm.Xer.	Administrat.		Rosa Mª Méndez Aragunde
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Alejandro Bernárdez Pereiras
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Mónica Cardona Constenla

TESOURERÍA

Tesoureiro	A1	30	H.C.NAC.	Tesourería	Superior	Julio Fontaiña Couso
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		VACANTE
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Mª Jesús Campos Rey
Adm-Recada.	C1	20	Adm.Xer.	Administrat.		Sonia Magariños (int)
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Carmen Fuentes López
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Ana Vázquez (int)
Aux-not	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar		Manuel Regueiro (int)

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

POLICÍA LOCAL

InspectorXef.	A2	20	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Policía	José L. Loureiro Rey
Oficial	C1	18	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Aurelio Fdez. Bascuas
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	S. Campos Villaverde
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	J. A. Alvarez Vázquez
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	José L. Rey García
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	José Luis Coto Cabana
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Luis Magariños Camino
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	VACANTE
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	José Sanmartín Fdez.
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	VACANTE
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Rafael Cardona Constenla
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	José L. Loureiro Carbón
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Fco. Quinteiro Torres
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Pablo Gómez Crespo
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Raúl Castro Bernárdez
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Ventura A. García Rosende
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Roberto Rodríguez Chao
Policía	C1	16	Adm.Espe.	Serv.Espe.	Policía	Javier García Calvo

URBANISMO E RURAL

Arquitecto	A1	28	Adm.Esp.	Técnica	Superior	Mónica Neira Mato
Arquitecto	A1	28	Adm.Esp.	Técnica	Superior	Enrique Ponte (int)
Aparellador	A2	26	Adm.Esp.	Técnica	Media	Ramiro Goldar Soto
Perito Agrí.	A2	24	Adm.Esp.	Técnica	Media	Ramón Brea Villaverde
Auxiliar	C2	16	Adm.Xer.	Auxiliar	Auxil.	Julia Mª García Oya
Delinante	C1	20	Adm.Esp.	Técnica	Auxil.	Javier Paz Vidal
Axud.Of.Téc.	AP	14	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Jesús Brea Reguengo

ILUMINACIÓN PÚBLICA

Mestre Elect.	C2	18	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Mestre Luis Vieites Santos
Axudan.Elect.	AP	14	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Axudante Antonio Aller Calvelo
Axudan.Elect.	AP	14	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Axudante Gonzalo G. Brey Eyo

SANEAMENTO E AUGAS

Encargado	C2	18	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	José Arís Tallón
-----------	----	----	----------	------------	---------	------------------

Operario	AP	14	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Operario M. A.Durán P.(interino).
Operario	AP	14	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Operario Manuel Baerreiro Loureiro
Operario	AP	14	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Operario José L. Bermúdez Puente
Operario	AP	14	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Operario Antonio Arís Barreiro

RECOLLIDA DE LIXO E LIMPEZA VIARIA

Ofic.Conduct.	C2	16	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Oficial J. M ^a Rey Rilo
Ofic.Conduct.	C2	16	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Oficial Miguel A Durán Constenla
Ofic.Conduct.	C2	16	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Oficial José L. Eiras Iglesias
Operario	AP	14	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Operario Manuel Vázquez Sánchez
Operario	AP	14	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Operario Javier Pereiras Clemente

ESTRADAS, CAMIÑOS VECIÑAIS, E VÍAS PÚBLICAS URBANAS

Ofic. Maquin.	C2	16	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Oficial José A. López Villar
Ofic. Maquin.	C2	16	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Oficial Manuel Sanmartín Rivadulla

EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTES

Axud. Deport.	AP	14	Adm.Esp.			Manuel Calviño Vilar
Axud. Deport.	AP	14	Adm.Esp.			José Balboa Barros

LIMPEZA OFICINAS

Limpiadora	AP	14	Adm.Esp.	Serv.Espe.	Per.Of.	Operario VACANTE
------------	----	----	----------	------------	---------	------------------

COMERC. INTER.

Encar.Praza A.C2	16	Adm.Esp.	Serv.Espec.	C.esp.	Auxiliar	José M. Nogueira Villar
Axu.C.Praza A.AP	14	Adm.Esp.	Serv.Espec.	C.Esp.	Operario	Juan M. Marque Terceiro

COMETIDOS ESPECIAIS

BIBLIOTECA

Aux.Bibliot.	C1	20	Adm.Esp.	Serv.Espe.	C.Espe.	Auxiliar Mercedes Garrido Paz
--------------	----	----	----------	------------	---------	-------------------------------

CULTURA

Coord.Cultur.	C1	20	Adm.Esp.	Serv.Espe.	C.Espe.	Adm. Jorge Armesto Rodríguez
---------------	----	----	----------	------------	---------	------------------------------

PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN POSTO TRABALLO	TITULACIÓN ESIXIDA	NOMES
Técnico Xestión Tradutor Galego	Licenciado Económicas Licenciado en Filoloxía	M ^a Rita Rivas de la Iglesia Valentín García Gómez
Director Banda Música	Estudios Superiores.Música	Javier Comesaña Pereira
Profes. Escola Música	Est. solfexo, piano, guitarra	Cristina Zatarain Andrés
Profes. Escola Música	Est. Solfexo, piano, guitarra	Pelayo Redondo Lisarrague
Profes. Escola Música	Est. Solfexo, piano, guitarra	José A. Cerviño Loira
Asistente Social	Asistente Social	Manuela D. Corral Mtnez
Asistente Social	Asistente Social	Isabel Dominguez Rguez.
Asistente Social	Asistente Social	Angeles Navia Vega
Auxiliar S. Administrativos	Graduado Escolar	VACANTE
Conserxe Oca	Certificado escolaridade	Antonio Payno Torres
Conserxe Codeseda	Certificado escolaridade	Hector M. Vázquez Rey
Conserxe Veá	Certificado escolaridade	José C. Reguengo Maceira
Conserxe Ed. Usos múltiples	Certificado escolaridade	José Pena Torreiro
Limpadora Ed.Usos múltiples	Certificado escolaridade	Socorro Mtnez. Figueiras
Limpadora	Certificado escolaridade	Elvira Loureiro Andújar
Profesor de violoncelo	Tit. música grao medio	Rosalía Vázquez (inter.)
Profesor de trompeta	Tit. música grao medio	Francisco Abal (inter,)
Profesor de harmonía	Tit. música grao medio	Francisco Lorenzo Romero
Profesor de percusión	Tit. música grao medio	Angel J. Morales Domínguez
Profesor de violín	Tit. música grao medio	Iván Novo Bello
Profesor linguaxe musical	Tit. música grao medio	VACANTE
Monitor de tempo libre	Tit.Téc.Su activ Físicas e anim dep	Henrique Vázquez Pernas

Director Gardería	Tít.Univ. Media (Rama Educ.)	Rosa Montero Vecino
Encar. Protección Civil	Graduado Escolar ou equiv.	VACANTE
Encar. Protección Civil	Graduado Escolar ou equiv.	VACANTE
Encar. Protección Civil	Graduado Escolar ou equiv.	VACANTE
Encar. Protección Civil	Graduado Escolar ou equiv.	VACANTE
Oper. Protección Civil	Cert. Escolaridade ou equiv.	VACANTE
Oper. Protección Civil	Cert. Escolaridade ou equiv.	VACANTE
Oper. Protección Civil	Cert. Escolaridade ou equiv.	VACANTE
Oper. Protección Civil	Cert. Escolaridade ou equiv.	VACANTE
Oper. Protección Civil	Cert. Escolaridade ou equiv.	VACANTE

PERSOAL LABORAL FIXO E DISCONTINUO

DENOMINACIÓN POSTO TRABALLO	TÍTULO	DURAC.CONTRATO	TOTAL
Socorrista	Socorrista	4 meses	Miguel A. Fdez. Ferreiro
Socorrista	Socorrista	4 meses	VACANTE
Vendedora entradas pisci		4 meses	VACANTE
Limpador vestiarios		4 meses	M ^a Celia Cerviño Calvo
Limpador vestiarios		4 meses	VACANTE

PERSOAL DE CONFIANZA

DENOMINACIÓN POSTO	Nº DE PAGAS	NOME
Secretaria Alcaldía	14	Rocío Gómez Darriba
Secretaria alcaldía	14	Marcial San Martín M.
Secretaria Alcaldía	14	Amalia Lago Durán

Sen outras intervencións, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e quince minutos.

A Estrada, 29 de decembro de 2009
O secretario en funcións

Asdo.: Luis M. Lozano Lorenzo